

Andrés Pernas
Coordinador Local de Cedeira
Bloque Nacionalista Galego

Xermán Tobío Padín
Secretario Xeral de Cedeira
Terra Galega

O mércores, 26 de maio do 2010, tivo lugar a reunión da Comisión de Seguemento do Pacto de Goberno firmado a resultas das eleccións municipais do 27 maio do 2007. Presentábase a proposta da Agrupación Local de Cedeira do PsdeG-PSOE, de que as formacións políticas renunciásemos as adicacións remuneradas suscritas no acordo de goberno.

Acordouse levala aos respectivos órganos de decisión local para logo voltar a reunirnos o mércores 2 de xuño. Coa finalidade de que poidese asistir o portavoz do BNG no Concello de Cedeira, o PSdeG-PSOE propuxo trasladar a reunión para o xoves, 3 de xuño. O martes, 1 de xuño o Coordinador Local do BNG comunicálle ao Secretario Xeral do PsdeG-PSOE que a representación do BNG determinaa esta organización en clara alusión á presenza de Alfredo del Río, cuestión que por suposto é compartida. O xoves pola mañán, Andrés Pernas comunicálle a José Luis Vergara que se cancela "sine die" a reunión e que Xermán Tobío está de acordo, cuestión que é ratificada polo responsable de TEGA por medio dun SMS.

Ante esta situación, vémonos na obriga de comunicarlles:

1. Que nos sentimos co dereito a **coñecer oficialmente as posicións** das vosas respectivas organizacións a respecto da renuncia á adicación remunerada, neste momento de profunda crise económica do país, dos partidos que conforman o Goberno Local de Cedeira. Si esta información preferides transmitírnola doutro xeito distinto ao directo nunha reunión da Comisión de Seguemento, non ternos problema, pero queremos que BNG e TEGA se definan oficialmente.
2. Se nos confirme a implicación do BNG no pacto de goberno, toda vez que Andrés Pernas me comunica telefónicamente que Alfredo del Río non era o responsable local do BNG de Cedeira. Igual interpretamos incorrectamente esta conversa, pero queremos **saber se aquel acordo vincula ou non á organización local do BNG**.
3. Poñemos a disposición do BNG, e da cidadanía en xeral, calquer tipo de explicación, no principio de **transparencia** absoluta que predica o dito pacto e que practica este Concello, sobre calquer mobemento económico presente e pasado, contratacións, horas extras, dietas ou gratificacións. Se llo damos á prensa, con máis razón o faremos cos nosos socios de goberno.

ATENTAMENTE,

José Luis Vergara Rey
Secretario Xeral